

ABAU 2022  
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN  
**MATEMÁTICAS II**  
(Cód. 20)

Só puntúan cinco das oito preguntas.

As puntuacións parciais que seguen están ligadas a un determinado xeito de resolver os exercicios, pero, nalgúns casos, pode haber outras formas correctas de solucionarlos.

**1. Números e Álgebra (2 puntos):**

- a) 0.75 puntos: **0.25** por determinar a matriz  $A$ , **0.5** por calcular a súa inversa.
- b) 1.25 puntos: **0.25** por deducir que  $b_{12} = 0$  a partir da singularidade de  $B$ , **0.5** por calcular  $A^{-1}B + A$  e **0.5** por deducir da igualdade  $\det(A^{-1}B + A) = -1$  que  $b_{22} = 2$ .

**2. Números e Álgebra (2 puntos):** **0.5** pola resolución da ecuación  $\det A = 0$  (onde  $A$  é a matriz de coeficientes), **0.75** polo estudo dos rangos da matriz de coeficientes e da matriz ampliada, **0.75** =  $0.25 \times 3$  polas conclusións (tres casos).

**3. Análise (2 puntos)**

- a) 1 punto: **0.25** pola ecuación da recta tanxente, **0.5** polo debuxo, **0.25** por especificar as coordenadas dos vértices.
- b) 1 punto: **0.5** pola condición de continuidade, **0.5** pola determinación de  $a$  e  $b$ .

**4. Análise (2 puntos):**

- a) **0.5** puntos.
- b) **0.5** puntos.
- c) **0.5** puntos.
- d) 0.5 puntos: **0.25** pola expresión en suma de fraccións simples, **0.25** polo cálculo final.

**5. Xeometría (2 puntos)**

- a) 1 punto: **0.5** por especificar os elementos que determinan o plano e **0.5** pola ecuación.
- b) 1 punto: **0.25** pola recta perpendicular, **0.25** polo punto de corte, **0.5** polo punto simétrico.

**6. Xeometría (2 puntos):** **0.25** por chegar á condición  $5a + 2k = 0$ , **1.5**  $= 0.5 \times 3$  por distinguir os tres casos posibles e **0.25** por deducir a condición de perpendicularidade.

**7. Estatística e Probabilidade (2 puntos)**

- a) 1 punto: **0.5** por cada unha das dúas probabilidades que se piden.
- b) 1 punto: **0.25** por identificar a distribución binomial e **0.75** polo cálculo da probabilidade pedida.

**8. Estatística e Probabilidade (2 puntos)**

- a) 1 punto: **0.5** por chegar a  $P(X \geq 16) \approx P(\tilde{X} \geq 15.5)$ , con  $\tilde{X}$  normal, **0.25** por chegar a  $P(Z \geq 0.15)$  e **0.25** polo resultado.
- b) 1 punto: **0.25** por calcular  $P(X < 24)$ , **0.5** por chegar a  $P\left(Z < \frac{\alpha}{2}\right) = 0.6064$  e **0.25** pola obtención de  $\alpha$ .